



## ROGO SOBRE A SOBRE A ILUMINACIÓN PERMANENTE DO TÚNEL DA RÚA DA PONTE PEREDA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mellora das ribeiras dos ríos no contorno da cidade levada a cabo nos últimos anos está a provocar que a cidadanía transite cada paso máis polos camiños e sendeiros habilitados, por motivos deportivos, de lecer ou de comodidade, ao actuar tamén como itinerarios alternativos para a mobilidade peonil ou ciclista entre zonas distantes.

O desexable emprego destes percorridos de ribeira está intimamente ligada á súa conservación e mantemento regulares, tarefa na que cómpre mellorar – especialmente no caso do río Sarela-, e no tocante á dotación de imprescindibles elementos complementarios de seguridade, como balizamentos, proteccións e iluminación.

Precisamente en relación con este último aspecto, desde o Grupo Popular temos recibido queixas de persoas usuarias do itinerario peonil que, seguindo o curso do río Sar, conecta a zona da Pontepedriña coa Ponte Pereda. En concreto do túnel construído no seu día con motivo do recheo para a construción da liña ferroviaria e baixo o que discorre a canle do propio río Sar, do que se acompañan unhas fotografías.

Este paso subterráneo, duns 70 metros de lonxitude, ten a particularidade do seu trazado en ángulo, polo que no día apenas chega a luz á súa parte central, o que fai precisa unha iluminación permanente e intelixente que facilite o tránsito polo lugar e o dote de maior seguridade. Na actualidade, o túnel dispón xa de instalación eléctrica, pero unicamente se ilumina pola noite. Por causa da ampliación das prestacións que se propoñen, sería conveniente a adopción de lámpadas led de consumo eficiente e a incorporación de detectores de presenza para axustar o servizo ás necesidades.

Á vista de todo o exposto, o Grupo Municipal Popular formula o seguinte ROGO:

***Que por parte do Goberno Municipal se dean as instrucións precisas para dotar de iluminación permanente e intelixente ao túnel da rúa da Ponte Pereda, baixo o que discorre a canle do río Sar e que lle dá continuidade ao itinerario de ribeira desde a Pontepedriña ata Conxo.***

Santiago de Compostela, a 22 de xuño de 2017



Teresa Gutiérrez López  
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRAFICO

